

**DEPARTAMENTO  
DE LATIN**

**PROGRAMACIÓN**

**CURSO 2013- 2014**

## COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

No vindeiro curso escolar 2013-2014 o Departamento de Latín seguirá a estar formado por unha soa persoa, Antonia Morgade Saavedra, que impartirá a asignatura en 4º ESO e nos dous cursos de BAC e que realizará as tarefas de Xefa de Departamento.

Os grupos e horas do Seminario de Latín son os seguintes:

**Latín de 4º ESO: grupo de 7 alumnos/as con 3 horas semanais**

**Latín de 1º BAC: grupo de 11 alumnas con 4 horas semanais**

**Latín de 2º BAC: grupo de 7 alumnos/as con 4 horas semanais**

Non haberá hora semanal adicada á reunión de Departamento nin a Xefatura de departamento: adicarei as horas correspondentes á Xefatura de Estudos.

**4º ESO**

## INTRODUCCION E CONTEXTUALIZACIÓN

A materia de latín, presente no currículo de cuarto curso da educación secundaria obrigatoria, supón un achegamento específico á lingua e á cultura de Roma e, consecuentemente, ao mundo antigo. O seu estudo ofrécese a partir de contidos lingüísticos e culturais complementarios entre si e unidos polo seu carácter de achegas substanciais do que se coñece como herdanza clásica.

Todas as linguas da Europa occidental incrementaron os seus recursos expresivos, en todas as épocas, mesmo na actualidade, coa adopción de palabras de orixe latina. Esa calidade de achega e continuidade na sociedade actual debe guiar a súa presentación e dar sentido ao seu estudo.

A adquisición de capacidades básicas e o logro dos obxectivos da etapa deberán estar no horizonte dos dous obxectivos primordiais que persegue esta materia: iniciar un estudo básico da lingua que é nexo e está na orixe do amplo grupo das linguas romances e coñecer os aspectos máis relevantes da sociedade e da cultura romanas para poder relacionalos cos do mundo actual. O primeiro obxectivo axuda a mellorar o coñecemento e uso das propias linguas como instrumento primordial de aprendizaxe e comunicación; o segundo achega unha interpretación máis ponderada da sociedade actual.

A lingua latina é unha das máis importante achegas do mundo clásico á civilización occidental, polo que é razoable que os contidos propiamente lingüísticos ocupen un espazo moi considerable e substancial da materia. Por evolución ou por influencia léxica o latín está presente nas linguas que utilizamos ou nas que son obxecto de aprendizaxe para as alumnas e os alumnos.

O estudo do sistema da lingua latina como modelo de lingua flexiva permite, a través da comparación, unha reflexión profunda sobre os elementos formais e os mecanismos sintácticos das linguas de uso do alumnado. O coñecemento, sequera básico, do latín fai posible entender as linguas de orixe romance como o resultado concreto dunha evolución, e apreciar en que medida a súa estrutura e o seu léxico están en débeda coa lingua da que proceden. Pola súa banda, a práctica da tradución constitúe unha experiencia de investigación que utiliza a lóxica do pensamento, favorece a memoria e potencia os hábitos de disciplina no estudo, co que se razoa mellor e se aprende a aprender. Neste sentido, parece recomendable seguir un método natural en que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución e no cal a súa aprendizaxe sistemática constitúa unha segunda fase.

O estudo da historia e evolución da lingua latina e da formación das palabras dota o alumnado dos coñecementos necesarios para entender a evolución lingüística, determinar os procesos de cambio fonético e semántico e ilustrar os procedementos que actúan na formación do léxico, ao mesmo tempo que enriquece o seu vocabulario. O alumnado, ao falar calquera lingua románica, debe ter conciencia de estar mantendo vivos moitos séculos de civilización mediterránea co latín como nexo unificador.

Ademais, a materia aborda o coñecemento do marco xeográfico e histórico e dos aspectos máis relevantes da sociedade romana e clásica en xeral, desde a que se transmitiron modos de vida, institucións e creacións literarias, técnicas e artísticas que están na base da configuración e do progreso de Europa. Ese coñecemento supón un referente necesario no que rastrexar os antecedentes históricos da organización social ou a delimitación dos dereitos das persoas.

A cultura que modelou o noso presente e impregna boa parte dos nosos canons estéticos é tamén transmisora de valores universais, que entroncan a nosa herdanza cultural coas raíces do mundo clásico. Neste sentido, a lectura de textos literarios axuda a observar como temas e tópicos da cultura grecolatina se transmitiron ata hoxe e seguen presentes nos nosos escritos.

De acordo con estes principios, os contidos da materia distribúense en catro bloques. Os tres primeiros, O sistema da lingua latina, A historia e evolución da lingua latina e A formación das palabras, poñen o acento en contidos propiamente lingüísticos e gardan una relación coherente entre eles, contribuíndo, non só a un coñecemento do latín, senón a un uso máis preciso da propia lingua e ao adecuado entendemento da terminoloxía culta, científica e técnica. O bloque 4 Vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico, trata os aspectos máis relevantes da sociedade romana e pon o acento na continuidade do mundo clásico que ofrece o mundo contemporáneo, na análise comparativa dos seus correspondentes antecedentes clásicos e na valoración crítica dos aspectos de continuidade, evolución e cambio.

A distribución dos contidos nestes catro bloques implica un tratamento específico e equilibrado del e obriga a situalos nun contexto xeral en que os diversos elementos atopen unha explicación relacionada e coherente.

A funcionalidade e a utilidade dos coñecementos básicos sobre a lingua latina e a cultura clásica en diversos contextos de aprendizaxe guiará o tratamento dos contidos e a selección de obxectivos. Por esta razón, tentarase que o latín, na medida que sirva para a consecución dos obxectivos e desenvolvemento das capacidades e competencias propostos para esta etapa, asente os fundamentos para o estudo, se é o caso, das humanidades ou as ciencias sociais.

## CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Defínese a competencia clave ou básica como a capacidade de responder ás demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas da forma adecuada. Supón unha combinación das habilidades prácticas, coñecementos, motivacións, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais que actúen conxuntamente para o logro dunha acción eficaz. As competencias claves son aquelas nas que se sustentan a realización persoal, a inclusión social, a cidadanía activa e o emprego.

### *a) Competencia en comunicación lingüística.*

No marco do *latín* esta competencia incluíría o desenvolvemento das seguintes habilidades:

- Interpretar a información nun texto descubriendo o latín como unha lingua viva cun gran legado, coñecendo a estrutura da lingua latina e achegándose á comprensión da gramática funcional das linguas europeas a través da interpretación dos elementos morfosintácticos e da práctica da tradución.
- Adquirir e aprender un vocabulario específico relacionado co latín mediante o estudo da formación das palabras e os fenómenos de evolución fonética, usando a linguaxe como instrumento de comunicación, coñecendo as etimoloxías de orixe grega e latina do vocabulario culto e o específico da ciencia e a técnica, fomentando o interese e respecto por todas as linguas.
- Recuperar e organizar a información dun texto identificando as ideas xerais e secundarias, propoñendo exemplos e identificando os seus rasgos característicos.
- Comunicarse correctamente, tanto oralmente como na escrita, en debates, traballos en grupo ou individuais e producións propias.

### *b) Tratamento da información e competencia dixital*

Preténdese o achegamento do alumnado as fontes de información e a súa aplicación no proceso de aprendizaxe, especialmente no relativo as novas tecnoloxías como instrumento utilísimo para busca de información sobre o mundo antigo, empregando páxinas *web* na recollida de fontes, análise desas fontes comparando entre elas a investigando contradicións e diverxencias, e

integración da información proporcionada por fontes diversas. Todo elo ten que ir unido ao desenvolvemento da capacidade crítica do alumnado para poder valorar esas fontes (utilidade, obxectivos, grao de fiabilidade ou manipulación...)

***c) Competencia para aprender a aprender.***

Esta competencia permitirá ao alumnado unha certa autonomía na súa relación coas fontes ás que poderá enfrontarse nos seus estudos posteriores, dotándoos dos medios para tratar correctamente a información mediante técnicas e habilidades de estudio:

- Reflexionar sobre a estrutura da lingua latina, investigando a orixe das palabras, estudando o legado da lingua latina nas linguas romances e non romances e realizando actividades sobre a lingua.
- Traballar con distintas fontes de información, redactando textos descriptivos de carácter histórico, biográfico ou mitolóxico, elaborando xustificacións, distinguindo os factores determinantes nunha situación (causas, desenvolvemento e consecuencias) e suliñando ideas principais e secundarias
- Elaborar resumos e realizar traballos por escrito coas súas partes ben diferenciadas
- Completar textos aos que lles falta información, relacionando a parte exposta cos seus coñecementos previos

***d) Competencia cultural e artística.***

Trataranse todas as habilidades que inciden na correcta presentación do ámbito xeográfico-espacial e temporal da civilización romana e o seu legado. Tamén se promoverá o uso da obra de arte como fonte de información e como estímulo para a formación do seu espírito estético (apreciar e gozar coas manifestacións estéticas como produto da creación humana) e o respecto pola herdanza cultural e do patrimonio histórico-artístico do mundo clásico (testemuña da historia). Estas habilidades serán:

- Interpretación de planos de monumentos antigos
- Análise de obras de arte para sacar información histórica e social
- Valoración da importancia do patrimonio cultural doutras épocas
- Análise da pervivencia do pasado no presente
- Interpretación dos símbolos nas obras de arte
- Adquisición dun vocabulario específico
- Comparación dos distintos estilos e correntes artísticas
- Representacións creativas sobre un tema

- Estudio de mapas para a localización xeográfica do mundo grego e romano, e a expansión do Imperio Romano por Europa e o Mediterráneo
- Interpretación de fontes iconográficas e a súa correcta adscripción a unha época determinada

#### ***e) Competencia na autonomía e iniciativa persoal***

Trátase da potenciación de valores importantes no ser humano como o autocontrol, a autoestima e a creatividade que permitan ao alumnado formarse como personas e enfrontarse ás diferentes situacións na vida, asumindo situacións particulares, mediante a toma de decisións e a defensa da propia opinión, con argumentos razoados que aumenten a confianza en si mesmos na busca de solucións aos problemas. Isto se fará animándoos a tomar decisións e a elixir con criterio propio, criticar posturas, defender os seus argumentos, corrixir os propios erros e imaxinar como cambiaría unha situación se tivese cambiado algunha das causas que a produciron.

#### ***f) Competencia social e cidadana***

Tratará de ser adquirida a través do estudio da sociedade e a política no mundo romano, para reflexionar sobre a evolución da condición da muller, a orixe do pensamento democrático, a importancia do diálogo, o respecto polas opinións dos demais, a tolerancia cara á outros xeitos de entender a vida, e para valorar os avances sociais adquiridos ao longo da historia e os que aínda debemos lograr. As habilidades que se potenciarán serán:

- a reflexión crítica sobre as ideas de democracia, liberdade, solidariedade, corresponsabilidade e participación cidadana, atendendo principalmente aos dereitos e deberes (no pasado e no presente),
- o exercicio do diálogo, a participación en debates,
- o uso do xuízo moral para elixir e tomar decisións e
- a valoración dos intereses persoais e de grupo á hora de tomar decisións..

#### ***g) Competencia na percepción do entorno físico***

O estudio do latín posibilita unha mellor comprensión do espazo xeográfico, social e político que conforman Europa, da cultura xeral común que compartimos e da influencia doutras culturas que nos rodean.



## OBXECTIVOS

1. Comprender textos latinos en contextos onde o sentido sexa facilmente deducible (contribúe a desenvolver a competencia no tratamento da información e a súa autonomía persoal).
2. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos (contribúe a desenvolver a competencia na formación persoal e a súa autonomía persoal).
3. Desenvolver os hábitos de organización, traballo e disciplina no estudio, a partires dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de textos latinos (contribúe a desenvolver a competencia na percepción do entorno físico, no tratamento da información e a aprender a aprender).
4. Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas (contribúe a desenvolver a competencia de aprender a aprender e de autonomía persoal).
5. Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar os rasgos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa (contribúe a desenvolver a competencia lingüística, na percepción do entorno físico, social e cidadá e na expresión cultural e artística).
6. Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos (contribúe a desenvolver a competencia lingüística, no tratamento da información, formación persoal e aprender a aprender).
7. Entender o significado do léxico común de orixe grecolatino da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partires dos seus compoñentes etimolóxicos (contribúe a desenvolver a competencia lingüística, no tratamento da información, formación persoal, aprender a aprender e a súa autonomía persoal).
8. Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva (contribúe a desenvolver a competencia lingüística, no tratamento da información, formación persoal, aprender a aprender e a súa autonomía persoal).

9. Coñecer os aspectos relevantes da cultura e a civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa pervivencia no noso patrimonio cultural, artístico e institucional (contribúe a desenvolver a competencia na expresión cultural e artística, social e cidadá, no tratamento da información, formación persoal, aprender a aprender e a súa autonomía persoal).
10. Coñecer os xéneros literarios grecolatinos máis importantes (contribúe a desenvolver a competencia no tratamento da información, formación persoal, aprender a aprender e a súa autonomía persoal).

## **MATERIAIS E RECURSOS**

### **LIBRO DE TEXTO**

Utilizaremos como texto de referencia o libro de Latín. 4º ESO da Editorial Rodeira (edicións en castelán e en galego indistintamente) por razóns prácticas (o mesmo que nos cursos de bacharelato e dado que era o que se usaba durante a gratuidade e polo tanto dispomos de varios exemplares no Centro que se seguen a facilitar ao alumnado): seguir unha orde na explicación da materia (pero completaranse as explicacións con fotocopias e textos doutros libros cando a profesora o considere oportuno, e con material procedente doutras fontes, xa sexan informáticas, visuais ou gráficas).

### **OUTROS RECURSOS**

- encerado e xiz
- libros de lectura con cuestións e xogos sobre os textos que se len
- libros de consulta; dicionarios; textos traducidos; revistas
- fotocopias e apuntes de clase
- vídeo e DVD. Cañón.
- ordenador con acceso a internet.

Por máis que cada unidade didáctica vai acompañada de recursos específicos que se poden utilizar, haberá a lectura obrigatoria de algún libro, que se determinará dacordo cos intereses do alumnado, preferiblemente de tema cultural ou literario, nos que se inclúe a mitoloxía. Esta actividade, ademais de servir para completar o bloque do “Roma e o seu legado”, incitará ao desenvolvemento do pracer pola lectura. Á vez, pódense aproveitar as lecturas para facer un traballo de comparación co tratamento do mesmo tema en medios audiovisuais ou nas variopintas informacións que aparecen en internet, co que se se favorecerá a familiaridade coas TICs.

Mandaráselles recurrir a internet para buscar informacións concretas de xeito crítico e realizar traballos que elaboren esa información. Así mesmo, terán que utilizar a informática para a presentación dos documentos.

Deberase inculcar no alumno a importancia de preparar e conservar con coidado os seus materiais de traballo, que son medios para aprender e algunha vez obxecto de avaliación. Mais tamén urxe que se responsabilicen dos bens comúns e se fagan solidarios.

É importante que o alumnado se acostume a realizar actividades fóra da aula, na compañía do profesor ou sen el. Débeselle incitar á participación na vida cultural do entorno exterior á escola: frecuentar as bibliotecas, asistir a conferencias axeitadas ao seu nivel, visitar librerías ou feiras do libro, asistir ao cine ou ao teatro...

## TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

### 1ª AVALIACIÓN (ca 35 sesións)

	LINGUA LATINA	ORIXE DAS PALABRAS	CULTURA E CIVILIZACIÓN
<b>Prima unitas</b> (6 sesións)	Alfabeto e prosodia. Morfoloxía nominal (sistema casual) e verbal	A familia IE. Linguas romances. Nocións de evolución de léxico.	Marco xeográfico das linguas IEs.
<b>Secunda unitas</b> (6 sesións)	1ª declinación. Conxug. verbais: enunciado. <i>Sum.</i> A oración latina: elementos. O nominativo.	Sons vocálicos: evolución. Etimoloxías. Helenismos. Locucións e expresións latinas.	Marco xeográfico do mundo romano.
<b>Tertia unitas</b> (6 sesións)	2ª declinación. 1ª conxugación: indicativo. O acusativo. A coordinación.	Sons vocálicos: evolución. Etimoloxías: palabras da 1ª dec. e verbos da 1ª conx. Léxico grecolatino	Historia de Roma
<b>Quarta unitas</b> (6 sesións)	Adxectivos da 1ª clase. 2ª conxugación: indicativo. PVO. O xenitivo.	Sons consonánticos: evolución. Etimoloxías: palabras da 2ª dec. e verbos da 2ª conx.	Hispania: romanización.
<b>Quinta unitas</b> (6 sesións)	3ª declinación: temas en consoante. 3ª conxugación: indicativo. O dativo e o ablativo.	Sons consonánticos: evolución. Etimoloxías. Palabras e expresións gracolatinas.	O panteón clásico.

## 2ª AVALIACIÓN (ca. 35 sesións)

	LINGUA LATINA	ORIXE DAS PALABRAS	CULTURA E CIVILIZACIÓN
<b>Sexta unitas</b> (6 sesións)	3ª declinación: temas en vogal. Adxectivos da 2ª clase Conxugación mixta: indicativo. Vocativo e imperativo.	Grupos consonnánticos: evolución. Léxico grecolatino.	O culto doméstico. O calendario romano.
<b>Septima unitas</b> (6 sesións)	4ª e 5ª declinacións. 4ª conxugación: indicativo. A oración latina: tradución e composición.	Grupos consonnánticos: evolución. Orixe de <i>j</i> , <i>ch</i> , <i>x</i> . Etimoloxías. Léxico grecolatino.	A familia romana. o matrimonio. A educación. O vestido.
<b>Octava unitas</b> (6 sesións)	Preposicións: sistema preposicional. Compl. circunstanciais. Os numerais.	Evolución das preposicións e uso dos numerais. Etimoloxías. Léxico grecolatino.	A cidade romana.
<b>Nona unitas</b> (6 sesións)	Declinación pronominal. Persoais e reflexivo. Posesivos. O dobre acusativo.	Léxico grecolatino.	A sociedade romana. Maxistraturas.
<b>Decima unitas</b> (6 sesións)	Declinación pronominal. Demostrativos.	Evolución dos pronomes. Léxico grecolatino.	O exército romano.

### 3ª AVALIACIÓN (ca. 35 sesións)

	LINGUA LATINA	ORIXE DAS PALABRAS	CULTURA E CIVILIZACIÓN
<b>Undecima unitas</b> (6 sesións)	Adverbio. Compl. circ. de tempo. Composición de oracións.	Uso do léxico grecolatino. Locucións latinas. Cultismos e termos patrimoniais.	A vivenda.
<b>Duodecima unitas</b> (6 sesións)	O pronome relativo: sintaxe.	Evolución do relativo. Etimoloxías. Léxico grecolatino.	Os espectáculos e o ocio na época romana.
<b>Tertia decima unitas</b> (6 sesións)	Os graos do adxectivo.	Os graos do adxectivo en galego e castelá. Léxico grecolatino.	Arquitectura, escultura, pintura e mosaicos.
<b>Quarta decima unitas</b> (6 sesións)	Formas nominais do verbo: infinitivo e participio.	Evolución do infinitivo e do participio. Léxico grecolatino.	A transmisión da literatura latina. Etapas. Xéneros literarios en verso.
<b>Quinta decima unitas</b> (6 sesións)	A subordinación: clases de proposicións subordinadas. Principais nexos.	O Neolatín. Léxico grecolatino.	Xéneros literarios en prosa.

# CONTIDOS MÍNIMOS

## O sistema da lingua latina

- Ler en latín. O abecedario.
- Categorias gramaticais; morfoloxía nominal e verbal.
- Morfosintaxe do sustantivo: as declinacións.
- Morfosintaxe do adxectivo: tipos e graos.
- Morfosintaxe pronominal: características da flexión pronominal. Persoais e posesivos. Demostrativos. Relativos.
- Flexión verbal dos verbos regulares e de *sum*.
- Palabras invariables: morfosintaxe das preposicións; formación de adverbios de modo a partir dos adxectivos.
- Estructuras clausulares básicas: oración simple.
- Oracións subordinadas de relativo.
- Tradución de textos latinos sinxelos ao galego e ao castelán.
- Comparación da estrutura morfosintáctica latina coa da lingua na que se traduce.
- Valoración da lingua latina como principal vía de transmisión e continuidade do mundo clásico e instrumento privilegiado para comprender o sistema das linguas romances.

## A historia e evolución da lingua latina

- Orixe do latín: clasificación das linguas indoeuropeas. As linguas derivadas do latín.
- Xeiras na historia da lingua latina.
- Niveis de uso do latín. O latín, lingua de cultura.
- Pervivencia das linguas clásicas. Latinismo, cultismo, semicultismo e palabra patrimonial.
- A achega léxica do latín ás linguas modernas non derivadas del.

## A formación das palabras

- Principais lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina nas linguas nais do discente.
- Definición etimolóxica das palabras. Precisión no uso dos termos. Latinismos de uso máis frecuente.

## Vías non lingüísticas de transmisión do mundo clásico

- Roma antiga: as orixes mitolóxicas. Marco xeográfico e cronolóxico.
- Sistemas políticos en Roma.
- O urbanismo e as vías de comunicación en Hispania e Gallaecia.
- A vida familiar: a familia, a infancia, o matrimonio, o culto ós mortos, a educación, o vestido...Comparación entre a vida familiar romana e a actual.
- Romanización de Hispania e Gallaecia.
- Restos arqueolóxicos clásicos máis importantes do noso entorno.
- Mitoloxía: concepto. Panteón clásico. Estructura piramidal da sociedade divina. Algúns mitos.
- A relixiosidade clásica: pervivencia actual dos ritos.
- A organización e o cómputo do tempo. Relación entre o calendario e a mitoloxía. Recoñecemento dos elementos do calendario que perviven entre nós. Identificación dos fenómenos astronómicos nos que se basea o calendario.
- Lectura de textos adaptados da literatura latina e outros sobre os distintos aspectos non lingüísticos estudados.

## CRITERIOS DE AVALIACION

A avaliación proposta identifícase coas seguintes características: *debe ser continua*, durante todo o proceso educativo, *debe ser integradora*, tendo en conta as capacidades xerais establecidas nos obxectivos da etapa, a través das expresadas na materia de latín, *debe ser formativa, cualitativa e contextualizada*, vinculada ao seu entorno e a un proceso concreto de ensino e aprendizaxe.

A avaliación será continuada e farase na clase, tendo moi en conta a asistencia a clase, o interese demostrado polo alumnado (recordemos que é unha asignatura optativa) e a participación na clase (un 10% da nota: esta nota obterase da revisión dos cadernos, nos que debe quedar reflectida toda a materia dada en clase). Faranse por avaliación dous exames (un



**90% total): un de lingua latina, orixe e evolución da lingua latina e formación de palabras, e outro de cultura e civilización.**

**Non se fará nota media se nalgún dos dous exames se obtén unha cualificación inferior a 3,5 puntos.**

**Dado que non se elimina materia gramatical e léxica, o exame final desta parte da materia incluírá tódolos contidos vistos no curso.**

**Os criterios de avaliación serán os seguintes:**

**A) Resumir o contido de textos traducidos de autores clásicos e modernos e identificar neles aspectos históricos ou culturais.**

Este criterio pretende constatar a capacidade do alumnado para comprender o contido dun texto, identificar acontecementos, personaxes e aspectos da civilización romana e relacionar os datos do texto con referentes actuais. O alumnado terá que facer esquemas e responder a cuestións sobre a lectura.

**B) Distinguir nas diversas manifestacións literarias e artísticas de todos os tempos o legado de Roma como fonte de inspiración e recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegadas da romanización.**

Este criterio trata de comprobar se son identificados os principais elementos da cultura romana e o patrimonio arqueolóxico romano en diversos contextos expresivos, textos literarios e iconografía de calquera tipo. Se o alumnado comprende o seu significado específico e se advirte o seu valor como fonte de inspiración.

**C) Aplicar as regras básicas de evolución fonética a étimos latinos que deran orixe a termos romances do vocabulario habitual e establecer a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.**

Este criterio pretende avaliar a capacidade para utilizar os mecanismos de evolución fonética e analizar as diferenzas de significado entre palabras dunha mesma orixe. O alumnado realizará actividades relacionadas co léxico.

**D) Identificar compoñentes de orixe grecolatina en palabras da linguaxe cotiá e no vocabulario específico das ciencias e da técnica, e explicar o seu sentido etimolóxico.**

Este criterio trata de comprobar a capacidade de recoñecer os formantes gregos e latinos en diferentes contextos lingüísticos e definir etimoloxicamente os termos habituais, científicos e técnicos.

**E) Recoñecer latinismos e locucións usuais de orixe latina incorporadas ás linguas coñecidas polo alumno e explicar o seu significado en expresións orais e escritas.**

Este criterio pretende verificar se o alumno identifica e comprende as expresións latinas integradas nas linguas modernas e se é capaz de utilizalas de xeito coherente.

**F) Recoñecer os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos cos das propias linguas.**

Con este criterio trátase de constatar a comprensión do funcionamento básico da lingua latina e a capacidade de establecer analoxías e diferenzas con elementos e estruturas da súa propia lingua. Avaliarase ao alumnado enfrontando cun texto axeitado para que recoñeza as características dunha lingua flexiva e realice análises morfosintácticas de crecente complexidade, engadindo ademais actividades de gramática.

**G) Traducir textos breves e sinxelos e producir, mediante retroversión, oracións simples utilizando as estruturas propias da lingua latina.**

Este criterio tenta comprobar se o alumno asimilou as estruturas morfolóxicas e sintácticas elementais da lingua latina e se son capaces de recoñecelas para realizaren traducións directas ou inversas de textos elaborados de escasa dificultade. O alumnado deberá enfrontarse a textos adecuados ao seu nivel para traducilos.

**H) Manexar recursos para elaborar, guiado pola profesora, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma.**

Este criterio trata de constatar a capacidade de buscar información en fontes diversas, organizala, situar cronoloxicamente os datos obtidos,

interpretar os referentes clásicos en comparación cos seus correspondentes do mundo actual e expoñer o resultado de maneira ordeada e coherente na aula. O alumnado elaborará traballos onde se comprobará o nivel de obtención e abstracción de información, o uso das TICs, e o grao de corrección na expresión oral.

## **INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os instrumentos de avaliación deben cumprir os seguintes requisitos:

- Ser variados, de modo que permitan avaliar os distintos tipos de capacidades e de contidos curriculares.
- Dar información concreta do que se pretende avaliar
- Utilizar distintos códigos (verbales, icónicos, gráficos, numéricos, audiovisuales,...) adecuados ás distintas aptitudes sen que se obstaculice o contido que se pretende avaliar.
- Permitir avaliar a transferencia dos aprendizaxes a contextos distintos de aqueles nos que se adquiriron, comprobando así a súa funcionalidade.
- 

### **Os instrumentos serán:**

- Esquemas e resumos de textos preferentemente históricos, comentarios nos que se utilicen os coñecementos adquiridos e valoracións dos modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos nosos.
- Actividades de busca en fontes diversas, incluídas as TICs e a comunicación, ou comentarios de textos, mensaxes ou imaxes.
- Actividades de aplicación das regras evolutivas na etimoloxía das palabras ou dedución de ditas regras a partires da comparación co termo herdado, o alumno deberá diferenciar ademais termos patrimoniais e cultismos previamente estudados
- Actividades nas que se recoñezan as variacións semánticas que aportan os distintos afixos, manexando textos con vocabulario específico das materias estudadas.
- Rastrexar o emprego dos latinismos en diferentes tipos de textos, literarios, periodísticos ou mensaxes publicitarios, escritos nas linguas que son obxecto de estudo, e realizar algunha composición breve na que se usen con propiedade.

- Actividades que axuden a fixar os paradigmas latinos; o alumnado poderá mostrar a súa capacidade comprensiva mediante a comparación entre un texto latino e a súa tradución, de xeito que identifique as palabras invariables, os distintos morfemas flexivos e as estruturas sintácticas das tres linguas, latín, galego e castelán.
- Prácticas de análise morfosintáctico, tradución e retroversión nas que se evidencie a correspondencia entre a análise e a versión realizada.
- Utilización as tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento preferente para a presentación do seu traballo.

## PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación realizaráse atendendo aos puntos establecidos nas novas normativas para a educación secundaria e basearase

1. na consecución das **competencias básicas** (lingüística, cultural, dixital, e social, autonomía persoal e capacidade de aprender a aprender),
2. na adquisición dos **coñecementos** programados para o curso e
3. no logro dos **obxectivos** da materia.

Esta avaliación será **continua**, aínda que por esixencias da organización do curso escolar realizarase por trimestres. Isto permitirá artellar ao longo do curso as medidas de reforzo e recuperación necesarias na parte da materia que se pode parcializar por avaliacións e que non é de estudio progresivo.

### AVALIACIÓN INICIAL

Nos primeiros días do curso escolar en setembro poderase realizar unha proba específica sinxela para avaliar o grao de dominio dos contidos mínimos que se consideran imprescindibles para construír sobre eles as novas aprendizaxes propias da materia.

Antes da sesión de avaliación inicial, mediante observación directa nas clases, tamén se recollerá información das peculiaridades da forma de aprender de cada alumno/a (habilidades, estratexias e destrezas desenvolvidas, é dicir, manexo de procedementos) así como información

sobre o grao de integración social do alumno/a (consigo mesmo, cos compañeiros e compañeiras e co profesorado).

### **AVALIACIÓN ORDINARIA**

Realizaranse tres sesións de avaliación, unha por trimestre, nas que se irán comprobando o grao de consecución das competencias básicas, dos contidos programados para cada avaliación, da recuperación de materia pendente de avaliacións anteriores e dos obxectivos da materia. Cando se avalie positivamente unha avaliación, consideraranse recuperadas as anteriores.

A avaliación ordinaria , como xa mencionamos, basearase no traballo de clase (10%) e nas dúas probas obxectivas (90%). Ademais, dependendo da avaliación, engadirase a nota dos traballos realizados e expostos.

A final de curso farase unha proba sumativa final de toda a materia progresiva estudiada durante o curso. Nese momento decidirase a conveniencia ou non de volver a avaliar as lecturas e presentación de traballos.

### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.**

Se as avaliacións ordinarias diagnostican o fracaso do proceso de ensino-aprendizaxe do alumno ao longo do curso, realizarase unha proba extraordinaria en setembro que incluíría os contidos mínimos para a avaliación positiva.

## **PROGRAMA DE RECUPERACIÓN**

### **MATERIA DURANTE O CURSO**

Unha avaliación de diagnose continua permitirá artellar ao longo do curso as medidas de reforzo e recuperación necesarias para que os alumnos con dificultades específicas sexan atendidos personalizadamente ou para cambiar aqueles obxectivos, contidos ou métodos que non teñan os resultados adecuados no proceso de ensino-aprendizaxe.

### **MATERIAS PENDENTES DOUTROS CURSOS.**

A materia de latín de 4º da ESO non pode quedar pendente para cursos posteriores porque os alumnos cursarán o Bacharelato ou titularán sen ningunha materia ou ben deben repetir o curso completo co que pasarían a ser alumnos de 4º da ESO de novo ao curso seguinte, e polo tanto a súa avaliación pasaría a ser ordinaria con todos os seus compañeiros de grupo.

## **METODOLOXÍA**

A elección dependerá dos contidos que se vaian ensinar e das características do grupo que reciba o ensino. A clase, formada por persoas, precisa de estratexias distintas, segundo as características psicolóxicas, o grao de coñecementos previos, os intereses e motivacións e o grao e forma de integración social entre os membros do grupo.

Como métodos concretos a seguir na disciplina de Latín, destacaremos, en primeiro lugar, os exercicios prácticos sobre a materia que se explica, matizados tanto a nivel individual como colectivo, dentro ou fóra da aula, mais sempre correxidos publicamente entre todos. Aquí pódese seguir o método tradicional de sacar a un alumno concreto ó encerado, para que plasme por escrito diante de todos o seu traballo e sexa o resto do grupo o que o avalíe. Mais este método ten o inconveniente de que a meirande parte dos alumnos se poden sentir pouco ou nada implicados na tarefa de faceren de xuíces, o que ademais non lles gusta. Hai unha variante que logra manter bastante a atención: o propio docente ou un alumno actúa como secretario no encerado e baixo a guía do profesor, en forma de preguntas, os alumnos van respostando e facendo o exercicio, correxíndose entre eles cando discrepan. Esta forma tómase como unha especie de xogo por parte dos alumnos; o docente participa como un membro máis en tanto que ten dereito a dicir que está ou non dacordo.

Outro método rendible -sobre todo cando o profesor esgota as posibilidades de sacar do bloqueo intelectual a un alumno- é pedirlle a un dos rapaces que explique ó seu compañeiro ou ó grupo enteiro o contido que se está a tratar. Mesmo se a facilidade para se expresar non é perfecta, servirá para desbloquear ós seus compañeiros, que adoitan aceptar ben as explicacións dun igual. Esta estratexia pódese ver favorecida pola disposición grupal dos pupitres.

A técnica dos debates na aula serve para que os discentes aprendan a expresarse e a escoitar ós demais, desenvolvendo un clima de respecto e tolerancia, por unha banda, e, por outra, unha apertura ideolóxica ó confrontaren puntos de vista diferentes. Pero esta estratexia, evidentemente, só se pode seguir no bloque referido á cultura.

Os traballos só serán recomendables para os contados alumnos cun meirande desenvolvemento das estruturas lóxicas, capaces de elaborar traballos organizados e utís.

Débase potenciar a creatividade. Para iso é un método inmejorable a técnica de tradución e

comentario de textos. Non se trata de traducir dun xeito automático, senón de atopar o "que" e o "como" da mensaxe e verquelo na lingua na que se traduce, e iso implica o desenvolvemento da imaxinación e da creatividade.

Outro método será a busca, dirixida polo docente, de materiais na rede. Resulta ben rendible, xa que, ademais da enorme cantidade de información que se pode atopar e que teñen que aprender a filtrar, sírvelles para a práctica dos resúmenes e os esquemas e para desenvolver a capacidade de expresión crítica, oral e escrita; e se potencia igualmente a familiaridade coas TICs.

Para rematar, insistir en que a metodoloxía debe estar encamiñada a desenvolver a creatividade e a capacidade crítica do discente e a que non queden preguntas sen resposta.

## **MEDIDAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

En prol da individualización do ensino hanse programar medidas xerais de adaptación curricular: actividades que sirvan de reforzo na aprendizaxe ós máis lentos e outras que amplíen o coñecemento de quen sobrepase o grao de desenvolvemento cognitivo propio do grupo.

Moi motivador é implicalos na realización dun traballo que lles interese, elixido por eles mesmos.

Outro xeito de reforzo da aprendizaxe é repetir os controis, explicando de cada vez os erros. Así mesmo, poderanse dar exercicios de reforzo dos materiais explicados, sobre todo no que atinxe á gramática, con textos simples, que sirvan para afondar na comprensión dos contidos. Pode darse o caso de que o discente non domine as estruturas gramaticais dos seus idiomas nais: nese caso haberá que proporcionarlle exercicios en galego ou castelán antes de chegar ao latín. Ao alumnado máis avantaxado pódese proporcionar exercicios de maior dificultade, reforzadores dos motivos de logro.

## **CRITERIOS DE TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS**

Hai catro tipos de circunstancias nas que incorporar os temas transversais: facelos coincidir coas datas nas que a sociedade os conmemora -día dos dereitos humanos, da muller traballadora...- ou coas campañas de sensibilización -o racismo...-; optar por un tratamento interdisciplinar, dacordo coas áreas implicadas para tocar o tema todos á vez; aproveitar as situacións espontáneas para provocar a reflexión, mandándolles aos propios alumnos que requiran máis información, se cadra, doutros profesores. Moitas veces xurdirán os temas a partir dos textos e temas que se analizan; outras serán enunciados como manifestación das propias inquiredanzas dos discentes. Nas tres primeiras circunstancias apuntadas partírase de textos e material audiovisual buscados *ad hoc* polo docente. Así, *v.g.*, na educación para a saúde, usaremos os que teñan que ver co exercicio físico e os deportes, a alimentación, as comidas, o uso das drogas, etc. Na educación para o consumo, perícopas sobre as clases sociais, a vivenda, etc. Para a igualdade de sexos, autores que traten o tema do machismo, da familia ou da dignidade da persoa, ou mitos sobre a diferente forma de entender os roles masculino e feminino. Na educación para a paz, textos sobre guerras, a romanización, etc. Para a educación ambiental nada mellor que unha perícopa co tópico do *locus amoenus*, anque tamén utilizaremos *Bucólicas* e *Xeórxicas*, de Virxilio. Para o lecer, un texto sobre as termas, entre outros. Para a educación vial, textos sobre as calzadas e os miliarios e topónimos que fagan referencia a eles.

Porque o motivo máis importante, quizais, da pertenza do Latín ó currículo do ESO e do Bacharelato de Humanidades é que cheguemos a coñecer mellor as nosas sinais de identidade persoal e cultural, nesta materia teñen cabida case que tódolos temas transversais do currículo, xa que *homo sum. Nil humani a me alienum puto.*

## **TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA**

Tentaremos ler un libro cada mes ou cada dous, dependendo da velocidade e da comprensión lectora dos discentes.

Para o desenvolvemento da competencia lectora traballaremos con textos de distinto tipo: narracións novelísticas de tema romano, lendas mitolóxicas, textos informativos, cancións, poemas, imaxes de representacións artísticas en fotografía ou buscadas na rede, noticias xornalísticas... Os libros de lectura fíxase negociar cos discentes segundo as súas preferencias e a temática que tratemos na aula. Para os outros textos, estaremos abertos á marcha do grupo, ás súas inquiredanzas e



ás circunstancias que poidan xurdir oportunamente. Buscarase como unha estratexia de comprensión lectora que o texto, na medida do posible, conecte cos intereses dos discentes.

Para o desenvolvemento da competencia literaria utilizaremos a lectura alomenos dalgún capítulo da *Eneida* en versión adaptada. Segundo as características do grupo e o tipo de texto, verase a conveniencia da lectura individual ou en conxunto na aula. Estes textos serán obxecto de cuestións nas probas obxectivas ou por medio de traballos guiados por preguntas. Como estratexia para coñecer a comprensión dos discentes e para melloralala, será conveniente, de cando en vez, a lectura en voz alta, ben útil para percibir onde dubidan e facer as aclaracións pertinentes, así como para explicar e ampliar o vocabulario, poñer en común ideas e axudalos a distinguir cales destas son as principais.

De igual modo, poderanse facer exercicios de comprensión: v.g., textos con erros ou lagoas ou que deban seren completados, xogos e pasatempos que teñan que ver coa comprensión dos textos, xogos de léxico...

## **TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TICs**

- Traballarán exercicios de páxinas escollidas da rede ou elaborados pola docente mediante programas informáticos *ad hoc* (v.g., Ardora ou Java Clic) para resolver no ordenador.
- Empregarán as aplicacións informáticas para elaborar e presentar traballos de investigación.
- Buscarán información na rede e aprenderán a facer un uso crítico dos contidos que atopen.
- Aproveitarán algunhas lecturas para facer un traballo de comparación co tratamento do mesmo tema en medios audiovisuais ou nas variopintas informacións que aparecen en internet. E para respostar ás cuestións sobre os libros de lectura ou os filmes que visionen, ás veces terán que recurrir á rede.

# **1º BACHARELATO**

## **FINALIDADE DA MATERIA**

A finalidade fundamental desta materia é o desenvolvemento e mellora das capacidades de expresión e comprensión dos usos e formas da comunicación, pois está intimamente relacionada coas demais áreas lingüísticas do currículo.

Preténdese ademais fundamentar unha forte base científica que permita o estudio e a asimilación das estruturas das diferentes linguas maternas e, ó mesmo tempo, do estudio das linguas estranxeiras.

Búscase tamén o desenvolvemento das capacidades cognitivas, discursivas, de relación e inserción social dos alumnos e alumnas no seu entorno sociocultural.

Con todo isto preténdese que os estudantes sintan interés por recuperar aqueles valores humanísticos e científicos nados na Antigüidade que, case sempre, se están vendo relegados a un segundo plano nas sociedades actuais.

## **METODOLOXÍA**

Ao longo dos dous cursos destinados ó estudio do latín intentarase un estudio que permita ó alumnado descubrir as posibilidades que ofrece a lectura de textos como fonte de información sobre o mundo antigo e que, ao mesmo tempo, ditos textos sexan punto de partida do desenvolvemento da expresividade e da creatividade.

Débese procurar o enriquecemento do propio vocabulario e a mellora da comprensión e expresión do alumnado mediante a realización de exercicios variados sobre léxico. Co estudio e observación dos mecanismos

de formación de palabras das linguas clásicas o alumno poderá aplicar os mesmos recursos ó estudio e manexo das súas linguas maternas.

A través da lectura de textos específicos os alumnos e alumnas poderán comprobar a procedencia clásica da maioría dos termos relacionados cos distintos campos do saber humano.

O estudio da morfosintaxe latina enfócase de forma funcional de modo que todo aquilo que o alumno aprenda a recoñecer, aplíqueo de forma automática na tradución de textos latinos e na retroversión galego/castelán - latín. Haberá niveis progresivos en dificultade de tradución e comprensión.

Na presentación e introdución da cultura do mundo clásico tamén se vai ter en conta a observación das formas de organización social, política e relixiosa, así como o estudio dos principais aspectos históricos, culturais e artísticos da cultura latina. Vaise facer fincapé, sobre todo, na comparación e transformación de ditas formas nas actuais.

Todo vai servir de base para que o alumnado aprenda a sentir aprecio e respecto pola realidade pluricultural e plurilingüe do seu entorno inmediato como produto directo da presenza e pervivencia da cultura clásica.

## **LIBRO DE TEXTO**

Neste curso seguirase a utilizar como texto de referencia o libro de Latín. 1º Bachillerato da Editorial Rodeira (edicións en castelán e en galego indistintamente) por razóns prácticas: seguir unha orde na explicación da materia (pero completaranse as explicacións con fotocopias e textos doutros libros cando a profesora o considere oportuno, e con material procedente doutras fontes, xa sexan informáticas, visuais ou gráficas).

## OBXECTIVOS

1. Coñecer e utilizar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina, iniciándose na interpretación e tradución de textos sinxelos:
  - coñecer os mecanismos morfosintácticos que permiten as relacións dos elementos na oración latina,
  - explicar o significado das palabras latinas,
  - utilizar nas propias producións vocablos e locucións latinas.
  
2. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas, relacionando a lingua latina con algunhas que dela se derivan e recoñecendo compoñentes significativas desta herdanza (flexión nominal, pronominal e verbal):
  - mostrar interés polo coñecemento de aspectos morfolóxicos, léxicos e sintácticos propios do latín que perduran nas linguas románicas actuais,
  - reflexionar sobre a evolución do latín e a súa herdanza e pervivencia nas linguas maternas.
  
3. Analizar textos diversos, traducidos ou orixinais, a través dunha lectura comprensiva, distinguindo os xéneros literarios, as súas características esenciais e a súa evolución:
  - analizar e resumir textos sinxelos de tipo narrativo, sabendo distinguir a idea principal que neles se expresa
  - traducir textos versados de fácil comprensión (Fedro).
  
4. Ordenar os conceptos lingüísticos propios do alumno, establecendo categorías, oposicións e relacións entre ámbitos lingüísticos diversos:
  - reflexionar sobre os mecanismos morfosintácticos da propia lingua a partir da observación dos rasgos propios do latín,
  - establecer semellanzas e diferencias entre o latín e as linguas maternas, e incluso outras linguas coñecidas polo alumno,
  - aplicar os coñecementos adquiridos no estudio da propia lingua e na produción de textos.

5. Recoñecer algúns dos elementos da herdanza latina que permanecen no mundo actual e aprecialos como unha das claves para a súa interpretación:

- coñecer os feitos principais do pasado romano, especialmente os relacionados coa Península Ibérica,
- identificar aspectos herdados na cultura propia hispana e occidental actual,
- interpretar e comprender feitos producidos na actualidade a partir da propia viaxe cultural.

6. Buscar e indagar en documentos e fontes de información variadas, relacionando elementos dispersos, e analizar criticamente as súas aportacións:

- consultar fontes de información variadas sobre aspectos do entorno que sexan vestixio do pasado romano,
- seleccionar a información obtida,
- traballar en equipo baixo a dirección da profesora e realizar sinxelos traballos de investigación,
- expor por escrito as indagacións realizadas.

7. Identificar e valorar as principais aportacións da civilización romana e da lingua como instrumento transmisor da súa cultura:

- identificar feitos, acontecementos e outros factores nados na civilización latina que perduraron ata os nosos días,
- apreciar vocablos, expresións e locucións da lingua latina que permaneceron ata os nosos días, sabendo recoñecelos e interpretalos en textos dos medios de comunicación e doutras materias estudadas.

8. Valorar as aportacións do espírito clásico como elemento integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas, estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo ó que o alumno pertence:

- valorar a influencia da cultura latina nas diferentes manifestacións das culturas occidentais actuais,
- apreciar a cultura latina como instrumento transmisor doutras culturas anteriores ou coetáneas a ela.

## TEMPORALIZACION DE CONTIDOS

Cada tema consta dos seguintes apartados:

1. **contido gramatical de lingua latina (teoría, léxico, exercicios): interpretación de textos latinos.**
2. **evolución fonética do léxico latino,**
3. **cultura: historia e institucións (Roma e o seu legado),**
4. **locucións latinas (este apartado completárase con información procedente do libro de texto da Editorial Anaya, bastante máis extenso e didáctico neste aspecto).**

### 1ª AVALIACION (50 sesións ca)

#### 1. Rómulo e Remo: (6 sesións)

- o alfabeto latino,
- clasificación dos sonidos,
- a acentuación latina,
- as clases de palabras
- sistema nominal e verbal latinos,
- o indoeuropeo,
- evolución histórica da lingua latina,
- o latín vulgar e as linguas romances,
- orixes de Roma.

#### 2. Os primeiros reis: (6 sesións)

- a primeira declinación,
- conxugación latina: enunciado de verbos,
- 1ª conxugación: Indicativo activo,
- verbo “sum”: Indicativo.
- A oración latina: funcións do Nom. e Vocat.
- Historia da lingua galega e castelá: substrato.
- A Monarquía e a Hispania prerromana.

#### 3. A República: (8 sesións)

- a segunda declinación,
- os adxectivos da primeira clase,

- verbos da 2ª conxugación: Indicativo activo
- funcións do Acusativo (as preposicións latinas),
- evolución das vogáis tónicas e átonas latinas,
- a República.

#### 4. A República: (10 sesións)

- a terceira declinación: temas en consoante,
- verbos da 3ª conxugación: Indicativo activo,
- o predicativo,
- funcións do xenitivo,
- a República: expansión de Roma.

#### 5. O Imperio: (10 sesións)

- Terceira declinación: temas en vogal,
- adxectivos da segunda clase,
- verbos da 3ª e 4ª conxugacións: Indicativo activo,
- funcións do dativo e do ablativo,
- evolución das consoantes latinas e das conxugacións latinas,
- o Imperio

#### 6. Hispania: (8 sesións)

- cuarta declinación,
- quinta declinación,
- os numerais,
- o Imperativo,
- funcións do Vocativo,
- valores do verbo “sum”,
- evolución dos grupos consonánticos latinos e dos numerais,
- Hispania romana.



## 2º AVALIACION (50 sesións ca)

### 7. O exército romano: (6 sesións)

- sistema pronominal: persoais, reflexivos e posesivos,
- funcións dos pronomes,
- o legado dos visigodos e a evolución dos pronomes,
- o exército romano.

### 8. A relixión romana: (6 sesións)

- sistema pronominal: demostrativos,
- evolución dos demostrativos latinos,
- a relixión: divindades latinas e gregas.

### 9. O culto ós mortos e ós héroes: (6 sesións)

- Sistema preposicional latino e complementos circunstanciais,
- historia da lingua: a presenza dos árabes,
- evolución das preposicións latinas.
- O culto ós mortos.

### 10. A familia e a educación: (10 sesións)

- Formas nominais do verbo: infinitivos e participios (sintaxe),
- Verbos irregulares,
- Evolución dos participios latinos.
- A familia romana e a educación.

### 11. Ritos e costumes: (10 sesións)

- Voz pasiva: tema de presente,
- sintaxe da voz pasiva.
- Nacemento das linguas romances peninsulares.
- O matrimonio, vestimenta, peiteado e comidas.

### 12. A vivenda romana: (10 sesións)

- Voz pasiva: tema de perfecto,
- Sintaxe do participio: participios absolutos,
- Evolución da voz pasiva latina.
- A vivenda romana.

### 3ª AVALIACION (50 sesións ca)

#### 13. Tempo de lecer: (8 sesións)

- Pronomes relativos, interrogativos e indefinidos.
- Oracións subordinadas de relativo.
- Oracións interrogativas directas.
- Os séculos escuros: latín medieval. Evolución dos pronomes.
- As termas romanas e os xogos.

#### 14.O cómputo do tempo: (4 sesións)

- O adverbio: formación, clasificación e funcións.
- Evolución dos adverbios.
- O cómputo do tempo.

#### 15.O comercio e as vías de comunicación: (8 sesións)

- Graos do adxectivo: positivo, comparativo e superlativo,
- Comparativos e superlativos irregulares.
- A lingua dos séculos XVIII e XIX. Evolución do comparativo e superlativo latinos.
- O comercio e as vías de comunicación. A moeda romana.

#### 16. Os espectáculos: (6 sesións)

- O subxuntivo (activo e pasivo)
- A oración composta: proposicións coordinadas.
- Evolución das conxuncións.
- Os espectáculos.

#### 17.O dereito romano: (10 sesións)

- Subxuntivo pasivo,
- A oración composta por subordinación: principias conxuncións subordinantes (*ut, ne cum, quod*).
- Valores de *ut* e de *ne*.
- Evolución dos tempos verbais latinos.
- O Dereito romano.

18.O urbanismo: (10 sesións)

- Valores de *cum*.
- O galego e castelán do século XX.
- Obras de enxeñería. O urbanismo.

## CRITERIOS DE AVALIACION

**A avaliación será continuada e farase na clase, tendo moi en conta a asistencia a clase, o interés demostrado polo alumnado (recordemos que é unha asignatura optativa) e a participación na clase (un 10% da nota: esta nota obterase da revisión dos cadernos, nos que debe quedar reflectida toda a materia dada en clase, dado que non manexamos ningún libro de texto en particular). Faranse por avaliación tres exames (un 90% total): un de contidos gramaticais, un de tradución e interpretación de textos e un terceiro de contidos léxicos e institucionais.**

**Non se fará nota media se nalgún dos tres exames se obtén unha cualificación inferior a 3,5 puntos.**

**Dado que non se elimina materia gramatical e léxica, o exame final desta parte da materia incluírá tódolos contidos vistos no curso.**

De forma xeral **as pautas a seguir serán as seguintes:**

1. identificar en textos latinos sinxelos, orixinais ou elaborados, os elementos básicos da morfoloxía regular (nominal e verbal) e da sintaxe da frase (casos, oracións simples e compostas, xustapostas e coordinadas), e apreciar variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.
2. Resumir o contido de textos latinos, preferentemente narrativos, e delimitar as súas partes (idea central, partes do texto, comprensión do vocabulario).
3. Traducir coa maior fidelidade posible textos breves en latín e viceversa á lingua latina.
4. Recoñecer no léxico das diferentes linguas romances que poidan manexar a orixe latina e a súa evolución fonética, morfolóxica e semántica.

5. Identificar os aspectos mais importantes da historia do pobo romano e da súa presenza na Península Ibérica e, con especial interés, na zona da Gallaecia. Recoñecer, polo tanto, as pegadas da cultura clásica en diversos aspectos da civilización actual.
6. Elaboración por parte dos alumnos/as de pequenos traballos, individuais ou en grupo, sobre diversos temas culturais, xa de ampliación do visto en clase, xa sobre partes do temario que merezan un maior coñecemento do alumno/a.
7. Lectura de fragmentos de obras literarias latinas que enriquezan a visión da cultura clásica e a súa permanencia nas diferentes literaturas europeas.

## CONTIDOS MINIMOS

1. **Dominio da morfoloxía nominal, pronominal e verbal regular.**
2. **Identificación do verbo “sum” e os seus valores.**
3. **Dominio da voz pasiva e a súa sintaxe.**
4. **Recoñecemento das oracións subordinadas de relativo.**
5. **Identificación nunha oración das formas nominais do verbo.**
6. **Recoñecemento dos étimos latinos en termos romances.**
7. **Uso do maior número posible de locucións latinas.**
8. **Coñecemento da historia do pobo romano e a súa influencia.**
9. **Coñecemento das institucións latinas, bases do mundo actual.**
10. **Coñecemento de palabras cultas de frecuente uso nos medios de comunicación a través dos textos traducidos.**

## LECTURAS COMPLEMENTARIAS

Os alumnos lerán a *Eneida* (adaptación de Vicens Vives) de Virxilio, unha comedia de Plauto (a determinar) e a novela histórica referente a asignatura *A increíble viaxe de Pomponio Flato* de Eduardo Mendoza. Ofertarase a lectura opcional da novela histórica *El hombre de Vitruvio* (Ediciones Atlantis) de Juanjo Lamelas.

Proxectaranse ademáis as películas *A vida de Brian* dos Monty Python e documentais divulgativos de carácter didáctico.

## **2º BACHARELATO**

## OBXECTIVOS

### 1. No plano morfolóxico , sintáctico e léxico:

coñecer os distintos recursos de que se vale a lingua latina para a formación de palabras,  
recoñecer os usos dos casos latinos de maior complexidade,  
verter á lingua materna oracións complexas pertencentes ó grupo de oracións subordinadas,  
traducir textos coa axuda do dicionario e doutras fontes que lles permitan a súa interpretación e contextualización.

### 2. No plano etimolóxico.

recoñecer os dous mecanismos principais da formación de palabras latinas e comprobar a súa evolución e tratamento nas linguas maternas que manexan,  
explicar o significado de palabras nas linguas maternas a través do coñecemento de prefixos e sufixos grecolatinos.

### 3. Na análise de textos:

recoñecer os rasgos estruturais e os propios dos diversos xéneros literarios que se estudarán ó longo do curso,  
comparar os devanditos rasgos cos que presentan os xéneros literarios na actualidade, apreciando a súa evolución e pervivencia.

### 4. No plano lingüístico:

comparar a lingua materna coas outras que os alumnos estudian e comprobar as semellanzas e diferencias respecto da lingua latina,  
recoñecer e caracterizar as linguas coñecidas según a súa relación coa lingua latina,  
aplicar os coñecementos recibidos a través do estudio da lingua latina na mellora da expresión e comprensión doutras linguas usuais.

### 5. Na herdanza latina:

apreciar e valorar os elementos literarios herdados dos xéneros latinos en obras producidas ó longo da historia da literatura galega, castelá e universal, e na actualidade,

valorar as influencias e aportacións procedentes da cultura e civilización latina,

apreciar en textos e obras de calquera índole mostras da herdanza latina, sabendo interpretalas con perspectiva histórica.

## **TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS**

(Son ca 40 sesións lectivas por avaliación que se adaptarán á temática dependendo da evolución do alumnado, procurando adicar a maior parte posible á gramática e tradución de textos)

### **1ª AVALIACION**

1. Revisión da flexión nominal: estudio das irregularidades que presenta cada declinación. A declinación grecolatina.

- As declinacións.
- Adxectivos cualificativos: 1ª e 2ª clase.
- Particularidades das declinacións.
- Declinación grecolatina.
- A oración.
- Evolución vocálica e de ditongos latinos ás linguas romances.

2. Repaso da morfoloxía verbal.

- Indicativo activo.
- Subxuntivo activo.
- Verbo “sum”: valores.
- Nominativo e Vocativo: usos e funcións
- Evolución do sistema consonántico latino ás linguas romances.

3. Repaso da morfoloxía verbal: voz pasiva.

- Voz pasiva.
- Verbos depoñentes.
- Verbos irregulares.
- A oración pasiva.
- Usos e funcións do ablativo.
- Evolución do sistema consonántico latino.

#### 4. Revisión da morfoloxía pronominal.

- Os pronomes.
- O adverbio.
- Os numerais.
- Graos do adxectivo: comparativo e superlativo.
- Usos e funcións do caso acusativo.
- A derivación en latín.

#### 5. A oración composta.

- Tipos de oracións.
- Usos e funcións dos casos xenitivo e dativo.
- Sufixos denominativos.

#### 6. Infinitivo.

- Formas nominais: introdución.
- Oracións de infinitivo: CD, SUX. Valores do Inf.
- Compoñentes gregos no léxico galego e castelán. (I-II)

#### 7. Participio.

- Formas do participio, tempos.
- Participio concertado e absoluto.
- Ablativo absoluto.
- Derivación en latín.
- Sobre o latín: inscricións e maldicións.

#### **Ademáis nesta primeira avaliación estudiaremos**

- **os seguintes temas de literatura:**

- 1. O teatro latino: Plauto**
- 2. A poesía épica: Virxilio (*A Eneida*)**
- 3. A lírica: Catulo e Horacio**

- **Ca. 50 expresións e aforismos latinos.**
- **Ca. 25 topónimos de uso máis habitual.**
- **Lecturas: “Anfitrión” de Plauto, fragmentos das “Metamorfosis” de Ovidio e unha selección de poemas de Catulo.**



## 2ª AVALIACION

### 1. Xerundio, xerundivo e supino.

- Xerundio. Xerundivo. Supino.
- Oracións de relativo.
- Usos de *quod*.
- Derivación en latín: sufixos verbais.

### 2. Partículas polivalentes.

- Valores de *cum*.
- Valores de *ut*.
- Valores de *ne*.
- Derivación en latín: a composición en latín: propia e impropia.
- Sobre o latín: *Appendix Probi*, o latín eclesiástico.

### 3. Proposicións subordinadas adverbiais.

- Subordinadas comparativas, finais, causais, consecutivas, concesivas e condicionais.
- Compostos latinos.
- Sobre o latín: os goliardos.

### 4. Interrogativas.

- Interrogativas directas e indirectas.
- Conxugación perifrástica.
- *Consecutio temporum*.
- estilo directo e indirecto.
- Partículas gregas no léxico galego e castelán.
- Sobre o latín: o latín do século XXI.

**Na segunda avaliación estudiaremos:**

- **Outro tema de literatura:**

#### **4. A oratoria: Cicerón**

- **Ca. 50** expresións e aforismos latinos.
- **Ca. 25** topónimos de uso máis habitual.
- **Lecturas:** textos seleccionados referentes ao tema de literatura.

### **3ª AVALIACION**

1. Tradución de textos orientados á selectividade (repasso da gramática e sintaxe).
2. Recopilación de derivación, evolución fonética e composición latina.
3. Escolma de **Fabulae** de Fedro (análise e tradución) (mentres a CIUG non decida que se traduzan outros textos).
4. Repaso da literatura latina (cronoloxicamente), centrándonos nos xéneros literarios marcados para selectividade (dous de prosa e tres de verso).

#### **Na terceira avaliación estudiaremos:**

- **O tema de literatura:**

#### **5. A historiografía: Tito Livio**

- **Ca. 50** expresións e aforismos latinos.
- **Ca. 25** topónimos de uso máis habitual.
- **Lecturas:** fragmentos da obra de Tito Livio.
- **Visionado da película Golfus de Roma**

## CRITERIOS DE AVALIACION

Os criterios de avaliación serán os mesmos que se utilizan no primeiro curso: avaliación continuada, asistencia a clase e interese pola materia. Pero, como curso de continuación, os alumnos deberán:

1. identificar e analizar nos textos a traducir os elementos da morfoloxía regular e irregular, tanto nominal como verbal, e da sintaxe subordinada;
2. resumir textos latinos orixinais dos distintos xéneros literarios que se estudiarán ó longo do curso;
3. traducir á lingua materna textos de certa complexidade dos diferentes xéneros literarios (fundamentalmente fábulas),
4. comparar o léxico latino e grecolatino co doutras linguas que eles manexen (galego, castelán e francés);
5. relacionar os elementos (fundamentais) constitutivos do latín con outras linguas coñecidas, estudiando os principais rasgos evolutivos da lingua latina e a súa permanencia nas nosas linguas (comparación de cultismos e palabras patrimoniais).

**Igual que en 1º de BAC a avaliación será continua e, polo tanto, no exame final entrará toda a materia vista ó longo do curso. En cada avaliación terase en conta a participación do alumno en clase, a realización diaria das actividades (10%) e a nota obtida nos exames realizados na avaliación (a ser posible dous/tres por avaliación) (90%).**

**Ademáis, en 2º BAC, dada a importancia da gramática á hora de traducir con certo desenvolvemento, en cada avaliación faranse exames de gramática eliminatorios por avaliación: para poder eliminar materia gramatical por avaliación o alumnado deberá obter un mínimo de 7 puntos.**

## LIBRO DE TEXTO

Aínda que neste segundo curso a complexidade e variedade de contidos esixidos nas probas de Selectividade é enorme, pareceume moi axeitado o libro de texto de Rodeira, Latín II, (en castelán ou galego) que o alumnado manexará como guía das explicacións, sobre todo nas dúas primeiras avaliacións (aínda que cada alumno/a poderá traer calquera libro de texto de 2º Latín dado que só é para contidos teóricos gramaticais).

Será necesario e obrigatorio o uso do dicionario, labor para a que contarán coa axuda da profesora ata o seu uso correcto e fluído.

Ademais manexaremos na terceira avaliación as traducións das *Fábulas* de Fedro que considere máis axeitadas para cada texto.

## CONTIDOS MINIMOS

- 1. Dominio da morfoloxía nominal.**
- 2. Dominio da morfoloxía pronominal.**
- 3. Dominio da morfoloxía verbal regular e irregular .**
- 4. Recoñecemento e traducción da sintaxe subordinada adxectiva, sustantiva e adverbial.**
- 5. Manexo das formas nominais e a súa sintaxe.**
- 6. Uso de locucións latinas e dominio do seu significado.**
- 7. Coñecemento das institucións latinas e a súa pervivencia actual.**
- 8. Coñecemento de palabras cultas de frecuente uso.**
- 9. Coñecemento da historia da literatura latina e dos diferentes xéneros literarios e dos autores fundamentais.**
- 10. Lectura dos textos seleccionados.**

En Celanova, a 13 de setembro de 2013

Antonia Morgade Saavedra, Xefa do Departamento de Latín